

Review

**LÓPEZ
MARTÍNEZ-
MORÁS, Santiago;
MELÉNDEZ CABO,
Marina; PÉREZ
BARCALA, Gerardo
(eds.)**

Santiago de Compostela:
Universidade de Santiago de
Compostela. 2013. 420 pp.
ISBN 978-84-15876-63-2

*Identidad europea
e intercambios
culturales en el
Camino de Santiago
(Siglos XI-XV)*

Mario Regueira
Universidade de Santiago
de Compostela

Resulta evidente que o estudo dun fenómeno con tantas dimensións como o do Camiño de Santiago pasa necesariamente pola multidisciplinariedade. A este empeño responde unha boa parte da articulación deste volume, orixinado en primeiro lugar nun núcleo de investigación referido a textos literarios do Camiño, dentro da área de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela e, en segundo lugar, e tal e como aluden as persoas editoras, nun encontro científico que funcionaría como primeiro rascuño dun conxunto de colaboracións aprimorado para esta edición. A diversidade de enfoques é, por tanto, o primeiro mérito e tamén o primeiro reto ao que se enfronta a organización, e deixa como rastro inicial unha estrutura que clasifica as colaboracións en tres grandes áreas: Historia, Historia da Arte e Literatura.

LÓPEZ MARTÍNEZ-MORÁS,
Santiago; MELÉNDEZ
CABO, Marina; PÉREZ
BARCALA, Gerardo (eds.)
*Identidad europea e
intercambios culturales
en el Camino de Santiago
(Siglos XI-XV)*
Mario Regueira

A perspectiva coa que se constrúe cada unha delas é extremadamente ampla e desigual. No inicio, a parte de Historia parece ofrecernos unha reunión coherente, analizando temas dispares pero innegabelmente relacionados, como o culto xacobeo dos reis de Castela, a relación entre unha posíbel identidade europea e a cidade de Compostela, ou aspectos concretos das peregrinacións medievais, tanto do vulgo como da nobreza e dos reis. As fronteiras difumínanse, porén, nas outras dúas partes. Tras unha breve sección dedicada á Historia da Arte, con tan só dous artigos, a parte de Literatura abre o camiño a unha diversidade temática que inclúe aspectos que poderían ser recollidos en calquera das seccións anteriores ou mesmo aventurar unha cuarta dedicada a cuestións lingüísticas. A perspectiva do Camiño e da Cidade nas crónicas medievais ou en fontes como as Cantigas de Santa María, a evolución do termo 'peregrinatio', a cuestión das reliquias, a perspectiva do desastre de Roncesvalles na literatura italiana ou pezas dedicadas á música e á danza no Camiño e na sociedade medieval, conviven sen chegar a constituír unha proposta de análise o suficientemente diferenciada nin crear, dentro da súa enorme variedade interna, unha proposta de análise histórica, literaria ou identitaria cunha base firme. Sen poñer en dúbida a pertinencia e acerto dalgunhas destas pezas, o seu carácter desigual, tamén en canto a calidade e acerto, xoga sen dúbida na contra do xuízo do volume.

Nunha análise xeral cábenmos varias dúbidas a respecto de produtos de ensaio académico coma este. A primeira é en que medida é posíbel, sempre desde a perspectiva rigorosa da investigación, abordar un tema como o do Camiño de Santiago sen impugnar, ou cando menos poñer en cuestión, a propia validez dun obxecto de estudo construído externamente. Que o Camiño ten unha dimensión político-relixiosa mellor ou peor instrumentalizada para outros fins é algo que non pode escapar á perspectiva investigadora e posibelmente non sexa a forma máis afortunada de honrala comezar aludindo a unha 'identidade europea'. Non en balde, esta perspectiva é rapidamente posta en cuestión por autoras como Adeline Rucquoi, que vincula acertadamente este empeño identitario a unha moda esporeada polo proxecto común europeo, con moi febles vínculos históricos constatables, particularmente no período medieval. Outros artigos, como o de Roser Salicrú i Ruch, poñen o acento no verdadeiro papel dunhas peregrinacións que non poderían desvincularse, en moitas ocasións, dunha vontade de coñecer a realidade dos reinos islámicos e que frecuentemente se complementaban con visitas á Granada nazarí. Trátase dunha das escasas referencias á cuestión musulmana que, máis alá do ataque de Almansur a Compostela, supón un verdadeiro reto á hora de analizar o Camiño como unha ferramenta de cohesión político-militar oposta a outras posibilidades máis abranxentes e historicamente fundamentadas, nas que o Norte de África xogará sempre un papel relevante.

Da mesma forma, outras perspectivas, como a de Santiago Gutiérrez García, desvelan a instrumentalización institucional dun legado como o do Camiño, e o seu papel nas políticas autonómicas. A pesar de que o artigo de Gutiérrez García se refire a 'A cidade de Compostela na literatura galega contemporánea', un tema parcialmente alleo á liña xeral do volume, resulta interesante a súa contextualización en clave galega, en xeral ausente dunha obra que parece facer poucas excepcións á historiografía dominante e que mesmo chega a pasar por alto as relacións históricas da Galiza como ente diferenciado. Isto resulta notábel, entre outros, no artigo de Carlo Pulsoni, no que a disputa entre portugueses e españois pola primacía relixiosa

LÓPEZ MARTÍNEZ-MORÁS,
Santiago; MELÉNDEZ
CABO, Marina; PÉREZ
BARCALA, Gerardo (eds.)
*Identidad europea e
intercambios culturales
en el Camino de Santiago
(Siglos XI-XV)*
Mario Regueira

gañaría en profundidade se tamén se valorase a histórica relación entre o Norte de Portugal e a Galiza, e o papel que os centros de poder relixioso tiveron na separación de dous reinos culturalmente homoxéneos.

En liñas xerais, por tanto, o volume móvese entre a vontade de formular cuestións máis ou menos disruptivas por parte de voces individuais, e a aceptación dun relato relixioso e político con poucos matices ou no nome dunha cuestionábel perspectiva aséptica. Sen dúbida isto é debido á enorme complexidade que ten un tema que non é facilmente encadrábel nunha única disciplina, e no que a procura de ángulos complementarios supón un esforzo digno de recoñecemento para as persoas organizadoras. Aínda así, bótase en falta un diálogo real que permita abordar, dunha forma articulada e coherente, cuestións de peso como a identidade europea mencionada no título, a construción do Camiño como tema de estudo ou o seu papel a través de distintas épocas. Ao mesmo tempo, a estrutura desta compilación, con tres eixos cuestionabelmente amplos, favorece que a súa identidade tenda máis á colección de artigos vagamente relacionados que á obra unitaria que poida responder a unha proposta temática tan ambiciosa como a do título. Finalmente, e aproveitando o multidisciplinar da proposta, tampouco sobraría unha rama que se ocupase especificamente do sociolóxico, o político ou o lexislativo, aspectos que aparecen trufados por distintas partes da obra e que serían efectivamente pertinentes á hora de tratar temas como o identitario ou o intercambio cultural.

En definitiva, unha compilación con acertos puntuais, pero que posibelmente perda, na súa vontade de amplitude, a oportunidade de colocar algo máis que discursos individuais nunha cuestión que, tamén polas súas polémicas, segue a ser de interese no noso contexto cultural.